

Ponteareas, 3 de abril de 2020

● Concello informa sobre as medidas urxentes relacionadas coa vivenda, arrendamento e bono social de electricidade

A concelleira de Benestar Social e Igualdade, Verónica Carrera, informa á cidadanía que xa pode consultar na páxina web do Concello, no botón COVID-19, as medidas urxentes complementarias que o Estado vén de publicar en relación ao Plan Estatal de Vivenda para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19.

Entre as medidas urxentes que recolle o documento están as cuestións relacionadas coas moratorias de pagos de arrendamento, paralización de desahucios e prórroga dos contratos de arrendamento entre outros aspectos.

Tamén se pode acceder á publicación do BOE clikando directamente nesta ligazón <http://ponteareas.gal/xiralda/uploads/2020/04/Medidas-urxentes-comp-ambito-social-e-econ-1-1.pdf>

Ademais, Verónica Carrera informa que, de xeito excepcional, se prorrogará o bono social eléctrico durante este estado de alarma. Máis información nas seguintes ligazóns

- Bono social - <https://www.companias-de-luz.com/el-bono-social/>

- Bono social telefónico - <https://www.zona-internet.com/bono-social-telefonico/>

Para calquera dúbida os veciños e as veciñas de Ponteareas poden tamén chamar ao número de teléfono 986 64 17 47